

Recadávivas Compilations

Fraseoloxía e paremioloxía de Sebil, 2

Phraseology and paroemiology of Sebil, 2

M.^a Victoria Cerviño Ferrín

Escola Oficial de Idiomas. Pontevedra

Resumo: Recadádiva de material fraseolóxico feita entre o 2008 e a actualidade en Sebil, aldea do concello de Cuntis (Pontevedra).

Palabras clave: fraseoloxía galega, paremioloxía galega, traballo de campo.

Abstract: A miscellany of phraseological material compiled from 2008 until the present time in Sebil, a small village in the Municipality of Cuntis (Pontevedra).

Keywords: Galician phraseology, Galician paremiology, fieldwork.

1. Introducción

Localización e contido desta recadádiva

Este traballo é a continuación da primeira achega de expresións que presentei en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 14, 2012, 287-308. Son expresións recollidas en Sebil, unha aldea da parroquia de Cequeril, no concello de Cuntis, da que son nativa, e situada na ladeira meridional do Castro Sebil. A esta aldea, coma a todo o concello de Cuntis e aos concellos estremeiros de Moraña e Campo Lameiro, afectoulle moito o descenso de poboación dos últimos anos: conta hoxe cuns 60 veciños, os máis deles xente maior e todos galegofalantes. A actividade tradicional foi a agricultura e a gandería de subsistencia e esta forma de vida recóllese en moitas das unidades que aquí presento.

Aínda que empecei a recoller a fraseoloxía de Sebil no ano 2008, a maioría das expresións foron recollidas e elaboradas ao longo deste ano. Todas estas unidades son coñecidas e usadas por min mesma ou na miña familia e veciñanza, aínda que

Data de recepción 4.9.2013. Data de aceptación 13.10.2013.

unha parte delas eran de uso máis habitual nas décadas pasadas. En calquera caso é fraseoloxía e paremioloxía viva neste 2013.¹

En moitos casos trátase de expresións comúns que aparecen noutras partes do territorio, ás veces con variantes que se adaptan aos distintos costumes e formas de vida, ou ás particularidades dialectais; así, expresións coma *ir de cacho para cesto* ou *mexar fóra do cacho* presentan noutras zonas as variantes *ir de cacho para cabazo* ou *mexar fóra do testo*; e, nalgúns casos, mesmo presentan un significado distinto en zonas máis ou menos próximas, como acontece nas expresións *ter un carozo no cu* ou *tíralle do aire*. Noutros casos trátase de unidades moi coñecidas que non presentan ningunha particularidade con respecto ao resto do territorio, pero paréceme necesario incluílas tamén aquí porque isto axúdanos a coñecermos mellor a súa localización e frecuencia de uso.

Outras, en cambio, teñen un uso máis local, como se pode deducir dos topónimos que aparecen (*Arca*, *Penarada*, lugares próximos a Sebil).

Como é normal nunha situación de contacto de linguas, tamén recollo algunhas UUFF con indicios de seren unha adaptación do castelán que marco como posibles castelanismos.

A ordenación das UUFF é alfabética e con cada expresión realicei, en primeiro lugar, unha indicación básica da súa tipoloxía, seguida dunha explicación breve do seu significado e, por último, unha exemplificación, en cursiva, do uso da expresión que figura como entrada.

Como se verá, a maioría das locucións pertencen ao nivel coloquial, e por iso marco só as que son do nivel vulgar.

Con este traballo agardo poder contribuír á conservación, recuperación e popularización da nosa fraseoloxía.

Caraterísticas lingüísticas desta recadádiva

O galego que se fala en Sebil sitúase no bloque occidental. Dentro del podemos destacar os seguintes trazos:

Existencia de gheada: *ghato*, *fumeghar*.

Seseo implorativo: rapás.

Formas dos demostrativos neutros con e- (*esto*, *eso*, *aquelo*).

Terminación *-an* para as formas de masculino e feminino: *vran*, *ran*.

Plural en *-es* para as palabras rematadas en *-l*: *ladrales*.

En canto á morfoloxía verbal destacan as formas en *-eu* para a segunda e a terceira conxugación: *veu* ('ver' e 'vir'), a forma *vindes* ou o uso do verbo *caír*.

¹ Ademais das observacións dos correctores anónimos, quero agradecer a axuda que me prestaron miña nai, Xosefa Ferrín González, e miña irmá, Elena Cerviño Ferrín, na explicación de moitas expresións e tamén o apoio de Ramón Anxo Martínez Seixo, que me animou a empezar esta recadádiva.

E, como particularidades dialectais de carácter léxico, son características desta zona as formas *vergonza*, *agua* ou *ladral*.

Nesta recolla, cando a expresión non coincide co galego estándar, adáptoa á forma normativa e indico ao final a variante local. Fago o mesmo coas interferencias.

2. Recadádiva

Abreviaturas e símbolos:

- EUF.: eufemismo
- fórm.: fórmula
- HUM.: humorístico
- IRÓN.: irónico
- l.adv.*: locución adverbial
- l.adx.*: locución adxectiva
- l.s.*: locución substantiva
- l.v.*: locución verbal
- LUD.: lúdico
- PEX.: pexorativo
- ref.: refrán
- VULG.: vulgar
- # forma como foi oída a expresión

Locucións

1. **Piro Chosco** *l.s.* O sono. Emprégase cos verbos ‘andar’ e ‘vir’ e úsase sobre todo falando cos nenos pequenos, cando empezan a ter sono. *É mellor que te vaías deitar, que parece que anda aí o Piro Chosco.*
2. **unha estoa** *l.s.* Persoa que mostra pouca disposición. Úsase cos verbos ‘ser’, ‘estar’, ‘parecer’ ou ‘quedar’. *A ver, axudádeme a recoller isto, non quededes aí coma estoas.*
3. **coma a herba** *loc. adx.* Moi verde. *Non comas esas mazás que están coma a herba e aínda che han de facer mal.*
4. **coma a pata dun burro** *l.adx.* Moi serio. Úsase cos verbos ‘ser’, ‘estar’ e ‘saír’. *A foto está ben, pero ti saíches sería coma a pata dun burro.*
5. **coma un verdoallo** *l.adx.* Moi verde. *Non comas esas mazás que están coma verdoallos.*
6. **cos pés redondos** *l.adx.* Borracho. Úsase con verbos coma ‘andar’, ‘vir’, ‘ter’ ou ‘traer’. *Eu xa me deitara cando chegou, pero paréceme que viña cos pés redondos, polo ruído que fixo.*
7. **levada dos demos** [unha persoa]. *l.adx.* Moi enfadada. Úsase cos verbos ‘estar’, ‘chegar’ ou ‘vir’. *Chegou a onda a veciña levada do demo porque non a avisamos para a reunión.*
8. **toda chea de razón** [unha persoa]. *l.adx.* IRÓN. Moi decidida, pero errada. Úsase cos verbos ‘ir’, ‘vir’, ‘andar’ ou ‘chegar’. *Chegou a onda min todo cheo de razón.*
9. **ir o comido polo servido** *l.v.* Non obter ningún beneficio extra dalgún traballo que se fai. *Viaxa todos os días para non ter que alugar un piso pero, entre a autoestrada e a gasolina, xa lle vai o comido polo servido.*

10. **poñer os santos en novena.** *l.v.* Levar moito traballo para conseguir que unha persoa faga algo. *Para que o neno se erga pola mañá, hai que poñer os santos en novena.*
11. **ter boa vista para unha pedrada.** *l.v.* Confundirse, non acertar algo que parecía fácil ou evidente. *-Eu vin pasar antes un coche branco por aquí e pensei que eras ti. -Pois non, ademais o meu coche é azul, ti tes boa vista para unha pedrada.*
12. **afiar os dentes.** *l.v.* Dispoñerse par comer ou para recibir algo que se desexa. *-Logo o agasallo non é para min?, xa se me estaban afiando os dentes.*
13. **aforrar das risas para as choras.** *l.v.* Aforrar, non malgastar o diñeiro. *Se queres ir de vacacións, tes que aforrar das risas para as choras.* # forrar
14. **andar á xaneira.** *l.v.* Estar en celo (os gatos) ou con desexo sexual (as persoas). *Deben de andar os gatos á xaneira que pasaron a noite berrando no tellado.*
15. **andar ao cu quente.** *l.v.* Non ter nada e vivir da caridade. *Ese, por non traballar, ten que andar sempre ao cu quente.*
16. **andar coa cabeza no aire.** *l.v.* Ser unha persoa moi despistada. *Quedou de me chamar cando saísen da casa para que as agardase no aeroporto, pero esqueceuse. Anda sempre coa cabeza no aire.*
17. **andar coa mosca/ter a mosca detrás da orella.** *l.v.* Desconfiar, sospeitar algo. *É mellor que vaías ti soa mercarlle o agasallo porque creo que xa anda coa mosca detrás da orella e, se imos as dúas, vaise dar conta.*
18. **andar/ser coma/parecer o porco de Santo Antonio.** *l.v.* Dise das persoas, especialmente dos nenos, que van con calquera. *Vai buscar o rapaz, que é hora de xantar e el segue na casa da veciña. Este neno parece o porco de Santo Antonio!* Santo Antonio é o patrón dos animais e, antigamente, había o costume de lle prometer unha cría de porco ao santo, para que os demais saísen sans. Este porco deixábase andar libremente polo lugar e alimentábao a veciñanza. # San Antonio.
19. **andar o demo ceibo.** *l.v.* Ter lugar acontecementos imprevistos adversos. *Hoxe nada me sae ben, primeiro estrágaseme o coche e agora perdo as chaves da casa, parece que anda o demo ceibo.*
20. **andar unha mosca no ubre** [a alguén]. *l.v.* Desconfiar de que se poida descubrir algo negativo ou irregular que fixo alguén. *Cando vendeu o piso estaba tranquilo, pero dende que o chamaron de facenda xa lle anda a mosca no ubre.*
21. **arder e non fumeigar.** *l.v.* Estar unha persoa moi incomodada, pero conterse. *Dende que soubo a verdade, está que arde e non fumeiga.*
22. **armarlle ao merlo.** *l.v.* Obrar dun xeito que pode supoñer un perigo. *Se bebiches, é mellor que non leves ti o coche, non lle andes armando ao merlo.*
23. **atrancar o ceo coas pernas.** *l.v.* Querer facerse cargo de varias cousas a un tempo. Úsase cos verbos ‘querer’ e ‘poder’. *Mentres estás traballando, non podes coidar o neno e mais facer a tese, non queiras atrancar o ceo coas pernas.*

24. **bater cos pés no cu.** *l.v.* Escapar con moita preña e con medo. Correr moito. *Estaban enredando na rúa e, cando viron chegar os pais, batían cos pés no cu cara á casa.*
25. **botar a alma ao lombo.** *l.v.* Resignarse. Actuar sen ter en conta a opinión dos demais nin as propias crenzas. *Xa levaban os dous moito tempo no paro, así que botaron a alma ao lombo e marcharon para Australia. # á espalda.*
26. **botar as contas sen o taberneiro.** *l.v.* Incluír alguén outras persoas nos seus plans sen contar coa súa dispoñibilidade. *-Díxenche que mañá iamos á praia, pero fállle falta o coche a meu pai. -Iso pásache por botar as contas sen o taberneiro.*
27. **buscar unha agulla nun palleiro.** *l.v.* Procurar algo moi difícil ou imposible de atopar. *Atopar a carteira no medio de tanta xente é coma buscar unha agulla nun palleiro.*
28. **cerrar unha chousa.** *l.v.* Facer un percorrido moi longo que empeza e remata no mesmo punto. *Quería probar o coche novo, e fun con el dar unha volta. Cerramos unha boa chousa.*
29. **choverlle na purga.** *l.v.* IRÓN. Non medrar unha persoa ou un animal. *Quería ser policía, pero non se pode presentar ás oposicións porque non dá o talle, choveulle na purga.* A purga é o momento no que a vide e os cereais florecen. Se chove moito nesta época, os froitos non se logran.
30. **comer coma un paxariño.** *l.v.* Comer moi pouco. *Cando estivo enferma comía coma un paxariño, por iso adelgazou tanto.*
31. **coñecer/saber/coller a agulla de marear.** *l.v.* Coñecer ben a maneira de actuar e as manías dunha persoa. *O neno fai o que quere dos avós, xa lles colleu a agulla de marear.*
32. **coser para fóra.** *l.v.* PEX. Ser unha muller promiscua. *Disque a deixou cando soubo que era amiga de coser para fóra.*
33. **dar/levar coa porta nos dentes.** *l.v.* Non ser ben recibida unha persoa. Non conseguir o que se pretendía. *Pregunteille se me axudaba a pagar o coche, pero deume coa porta nos dentes.*
34. **desvestir un santo para vestir outro.** *l.v.* Solucionar un problema creando outro. *Cambiando a lámpada do salón para a cociña non arranxas nada, iso é desvestir un santo para vestir outro.*
35. **empreñar polas orellas.** *l.v.* Crer algo que é imposible ou pouco probable. *Este empreña polas orellas se pensa que o banco lle vai devolver os cartos.*
36. **estar [alguén] cheo de caldo á merenda.** *l.v.* Estar canso de aguantar algo ou alguén que é desagradable ou que amola. *Pois se non che vale así faino ti mellor, eu xa estou chea de caldo á merenda.*
37. **estar cos pés para a cova.** *l.v.* Estar a punto de morrer. *Dende que o trouxeron do hospital xa non se levanta nin come nada, está cos pés para a cova.*
38. **estar na horta e non ver as verzas.** *l.v.* Estar moi despistado, non darse conta de algo moi evidente. *Es o único que non se dá conta de que lle gustas, ti estás na horta e non ves as verzas.*
39. **estar nun fol coa boca atada.** *l.v.* Non ter coñecemento de algo. Dise cando alguén ignora o que pasa ao seu redor,

- ben por descoñecemento ou por falta de interese. *Ti vaslle preguntar a un bo, non ves que ese non sabe nada, está nun fol coa boca atada.*
40. **estar/poñer/verse entre a cruz e o calvario** *l.v.* Estar nunha situación complicada. Úsase con verbos coma ‘estar’, ‘poñer’ ou ‘verse’. *Agora volveu casar, pero a filla non se leva ben coa muller e el vese entre a cruz e o calvario.*
41. **estirar o pé segundo dea a manta.** *l.v.* Axustarse aos medios dos que se dispón. *Queríamos facer mellor festa, pero non demos xuntado máis cartos e non nos imos empeñar. Hai que estirar o pé segundo dea a manta.* # según.
42. **facer coma Quevedo, non sobe nin baixa nin está quedo/non anda nin está quedo.** *l.v.* Non ter capacidade de resolución. *A ver, trae a planta para aquí, ou vas quedar todo o día con ela na man? Ti fas coma Quevedo.* Quevedo era un personaxe que subiu a unha árbore e logo non daba baixado, por iso non subía nin baixaba. Ademais, como o vento movía a árbore, tampouco estaba quedo.
43. **facen de alguén un pandeiro.** *l.v.* Non tomar en serio a alguén. *Co avó non os quero deixar outra vez porque fan del un pandeiro.*
44. **facen un pan de relón coma trigo.** *l.v.* Conxeniarse. Dise cando dúas persoas se unen nun proxecto común para prexudicar ou enganar a alguén. *Sempre di que vai facer os deberes co primo e botan toda a tarde a xogar; eses dous fan un pan de relón coma trigo.*
45. **facen un traballo.** *l.v.* EUF. Cagar. Úsase con verbos coma ‘estar’ ou ‘ir’. *Cando me chamaches non che puiden coller o teléfono porque estaba facendo un traballo.*
46. **facen/ser coma a ‘pereza’ de Arca (que morreu de sede á beira da présa por non se abaixar a beber).²** *l.v.* Desaproveitar unha oportunidade por ter poucas ganas de traballar. *-Pasei por onda a gasoleira, pero non quixen parar e agora estou na reserva. -Ti aínda vas facer coma a pereza de Arca.* Arca é unha aldea do concello da Estrada que linda con Sebil.
47. **falar por entre os dentes.** *l.v.* Rosmar. *Deixa de falar por entre os dentes e fai o que che mandei.*
48. **faltarlle unha fervedura/un verán** *l.v.* PEX. *Non ser ben lista unha persoa. Non fagas moito caso do que che di, que a este fáltalle unha fervedura.* # vran.
49. **ferver o sangue.** *l.v.* Sentir indignación ou impaciencia. *Férvelle o sangue por ir á festa.* # a sangue.
50. **furar as tripas.** *l.v.* IRÓN. Non gustarlle a alguén algo de comer. Dise especialmente dos nenos e dos animais cando non comen algo. *Deille un anaco de pan ao can, pero non o comeu, o pan fúralle as tripas.*
51. **inchar os nefres.** *l.v.* Facer que alguén perda a paciencia e se incomode. *Leva toda a mañá co mesmo conto, xa me está empezando a inchar os nefres.*
52. **ir cos da feira e vir cos do mercado.** *l.v.* Quedar ben con todos, non comprometerse. *Non te fies moito del, que ese é dos que vai cos da feira e vén cos do mercado.*
53. **ir nun saco e vir nun cesto.** *l.v.* Non darse conta de nada. *Pregunteille en que cuarto do hospital estaba a filla,*

² Deixo a forma en castelán porque é o alcume orixinal.

- pero non mo soubo dicir. Esta non se fixa en nada, vai nun saco e vén nun cesto.*
54. **irse a cría.** *l.v.* Devecer por algo. Díselles a alguén que desexa moito algo que á persoa que o di non lle parece tan importante. *A ver se se che vai ir a cría por non poder ir hoxe á festa.*
55. **levar un carallo coma un brazo.** *l.v.* VULG. Levar unha decepción. *Fun hoxe mercar o pantalón que che dixen que vira onte, pero cando cheguei levei un carallo coma un brazo, que xa non había o meu talle.*
56. **mallar en centeo verde/mazar en ferro frío.** *l.v.* PEX. Perder o tempo. Úsase cando se considera que se está facendo un esforzo inútil ao tratar de ensinalle algo a alguén que se nega a aprendelo ou cando se intenta convencer a unha persoa obstinada. *Non perdas o tempo intentando convencelo de nada, é coma quen malla en centeo verde.*
57. **meter o seu con día.** *l.v.* Ser unha persoa interesada. *Díxome que ao acabarmos o seu disface me axudaba co meu, pero rematamos o del e el marchou. Aquí cada un mete o seu con día.*
58. **meterlle unha agulla no cu e tronzala/facer unha folla de afeitar.** *l.v.* VULG. Ser unha persoa moi presumida e vaidosa. *Sempre anda alardeando do ben que o fai todo. Se lle meten unha agulla no cu trónzaa/ fai unha folla de afeitar.*
59. **metérselle/che... alí.** *l.v.* Obstinarse. *Pois agora metéuselle alí e ata que o remate non vai para a cama.*
60. **mexar e non botar pinga.** *l.v.* VULG. Sorprenderse, asombrarse. *As declaracións dalgún político ante a crise son para mexar e non botar pinga.*
61. **mexar fóra do cacho.** *l.v.* Esaxerar. *Non lle fagas caso ningún, xa está este outra vez mexando fóra do cacho.*
62. **mirar para Deus (polo burato da tella).** *l.v.* Non poder contar con alguén para facer algo. *Íame vir axudar, pero chamárono para ir á praia e quedei mirando para Deus. # Dios.*
63. **mirar para onte.** *l.v.* Perder unha oportunidade. *Non o fixeches cando podías?, pois agora mira para onte.*
64. **non atar nin desatar.** *l.v.* Non decidirse, dubidar. *Non sei se vai vir con nós ou non porque lle preguntei tres veces, pero non ata nin desata.*
65. **non caber o pan no corpo.** *l.v.* Ser unha persoa indiscreta ou impaciente. *Xa lle tiveches que dicir o que lle mercamos, a ti non che cabe o pan no corpo.*
66. **non comer por non cagar.** *l.v.* VULG. Ser unha persoa moi aforrona. Tamén se di por unha persoa ridícula, que presume de requintada, sen selo. *A ese non lle pidas nada, é tan forrón que non come por non cagar. | Dende que casou volveuse moi fina, agora parece que non come por non cagar.*
67. **non dar puntada sen nó.** *l.v.* Actuar de forma premeditada para acadar os propios intereses. *Se lle axudou ha de ser para pedirlle algo, ese non dá puntada sen nó. # nudo*
68. **non dar unha no cravo.** *l.v.* Equivocarse no que se fai ou no que se di. *Xa o volví facer mal, hoxe non sei que me pasa que non dou unha no cravo. # clavo.*
69. **non estar o forno para bolos.** *l.v.* Non ser o momento oportuno para dicir ou facer algo por causa do estado de

- ánimo doutra persoa. *Íalle gastar unha broma, pero creo que non está o forno para bolos.*
70. **non lle ir a auga polo seu caneiro** [a alguén]. l.v. Non estar alguén de acordo con algunha decisión que lle afecta, porque non lle favorece. Habitualmente úsase a forma negativa, pero tamén se pode dicir en afirmativo cando a alguén lle favorece unha decisión. *Marchou enfadado da reunión porque non lle ía a auga polo seu caneiro.* # auga.
71. **non poder coa alma/figura.** l.v. Estar moi canso. *Hoxe tiven moito traballo, voume deitar que non podo coa figura.*
72. **non saír de quen se é.** l.v. Non evolucionar. *A cerdeira non sei se irá secar; xa hai tres anos que a plantei e non medrou nada, non sae de quen é.*
73. **non ser/ parecer do seu tempo/dos seus días.** l.v. EUF. Comportarse coma se fose algo parvo. *Deixa de facer o parvo, ti non pareceas do teu tempo.*
74. **non ter para mandar tocar un cego.** l.v. Non ter diñeiro. *Quere mercar unha casa e non ten nin para mandar tocar un cego.*
75. **non ter sangue nas veas.** l.v. Non ter decisión, ser apoucado. *A ver; esperta e colle ese sitio antes de que o colla outro, parece que non tes sangue nas veas.* # sangue, venas.
76. **non valer o real do bautismo.** l.v. Ser unha persoa de pouca valía. *Non entendo como lle deron a el ese traballo, se é unha persoa que non vale nin o real do bautismo.*
77. **oír campás e non saber onde.** l.v. Ter informacións imprecisas. *-Iso non é así, ti oes campás e non sabes onde.* # oír, campanas.
78. **parecer o burro do paraugueiro.** l.v. Andar sempre atrás. *A ver se bulides un pouquiño máis que nós chegamos sempre tarde, parecemos o burro do paraugueiro.* # paragüeiro.
79. **parecer que [alguén] non come auga con sal.** l.v. Non engordar. *A este gato non sei que lle pasa, parece que non come auga con sal.* # auga.
80. **pasar o sol pola porta.** l.v. Ser tarde para algunha cousa, especialmente para tarefas que adoitan facerse a unha idade determinada, coma casar ou ter fillos. *Ti aínda es nova para ter fillos, muller, por agora aínda non che pasou o sol pola porta.*
81. **pasarlle [o enfado a alguén] antes de que case.** l.v. Non durarlle o enfado a unha persoa. *-Enfadouse comigo porque non fun con ela e leva dous días sen me falar. -Non te preocupes, halle de pasar antes de que case.*
82. **pensar que nacín onte.** l.v. Intentar enganar a alguén. *E non esperarás que crea que vas para onda el estudar; ti debes de pensar que eu nacín onte.*
83. **poñer a pan pedir.** l.v. Criticar a unha persoa. *Alí non lle dixo nada, pero cando rematou a reunión, púxoo a pan pedir.*
84. **poñer o carro diante dos bois.** l.v. Precipitarse. *Non te apures tanto a mercar o agasallo para a voda que aínda non sabes se te vai convidar; non poñas o carro diante dos bois.*
85. **poñerse ao rego.** l.v. Ceder, entrar en razón. *Non sexas teimudo, ponte ao rego.*
86. **non ser a porta dun muíño / [tratar algo] coma a porta dun muíño.** l.v. Dise cando alguén lle dá un golpe forte a algunha cousa, especialmente cando pecha unha porta baténdoa. *Cerra a*

- porta do coche con máis coidado, que non é a porta dun muíño.* Antes os muíños eran comunitarios, por iso non se trataban coa mesma delicadeza coa que adoitan coidarse as cousas propias.
87. **saber da misa a medias.** *l.v.* Estar mal informado. *Cando lle dixeran que lle dese outra oportunidade ao mozo, díxome que eu sabía da misa a medias, e tiña razón.*
88. **sacar o pan da boca.** *l.v.* Renunciar a algo para beneficiar a outra persoa. *Nunca se privara de nada, pero agora cambiou bastante, polo fillo saca o pan da boca.*
89. **saír a porca mal capada.** *l.v.* Non saír as cousas como un esperaba. *El contaba con facer unha casa cos cartos que lle desen polo piso, pero saíulle a porca mal capada, que o piso agora non hai quen llo queira.*
90. **ser (agudo) coma un allo.** *l.v.* Ser unha persoa moi astuta. *A nena aprobou todo, é aguda coma un allo.*
91. **ser (ruín) coma a carne do pescozo.** *l.v.* Ser unha persoa ruín, mesquiña. *Sempre o fai todo mal para que non llo volvan mandar facer; é ruín coma a carne do pescozo.*
92. **ser [unha persoa] boa para ir buscar a morte.** *l.v.* Ser unha persoa moi lenta. *Hai media hora que te mandei a mercar o azucre e non das chegado. Ti es bo para ir buscar a morte.*
93. **ser á boa fe, coma os gatos pequenos.** *l.v.* Non ter mala intención. *Rinse del, pero non lle parece mal. É el así, á boa fe, coma os gatos pequenos.*
94. **ser coma o burro do xitano (que cando estaba afeito a non comer, morreu coa fame).** *l.v.* Facer algo cando xa é tarde. *E colliches a roupa desde que xa se mollara, ti es coma o burro do xitano. #gitano*
95. **ser coma o ferreiro da maldición (cando ten ferro, non ten carbón e, cando ten todo, non ten devoción).** *l.v.* Non avanzar nun traballo. *-Préstasme un lapis que non atopo o meu? -Pero ti aínda non acabaches de facer os deberes?, es coma o ferreiro da maldición.*
96. **ser coma un cesto de corras.** *l.v.* Ser unha persoa pouco resolutive. *A ese non lle encargues nada que é coma un cesto de corras e vaicho facer todo mal.*
97. **ser coma unha ovella atada a unha silva.** *l.v.* Mostrar pouca disposición. *Nas reunións nunca di nada, é coma unha ovella atada a unha silva.*
98. **ser coma/parecer o escaravello da bosta.** *l.v.* Ser unha persoa desagradable ou fea. *Dixo que o neno era moi bonito, pero a min non me gustou nada, parece un escaravello da bosta.*
99. **ser dúas almas nun corpo.** *l.v.* Levarse moi ben dúas persoas. *Dende que se coñeceron fano todo xuntas, son dúas almas nun corpo.*
100. **ser máis curto que as mangas dun chaleco.** *l.v.* Mostrar pouca intelixencia. *Ese non vai dar sacado máis o carné, é máis curto que as mangas dun chaleco. # corto.*
101. **ser máis longo que un día sen pan.** *l.v.* Ser moi longa algunha cousa. *Non dou acabado máis este libro, é máis longo que un día sen pan.*
102. **ser máis parvo que Pichote.** *l.v.* Ser moi parvo. *Como lle das o bocadillo ao can?, ti es máis parvo que Pichote.*
103. **ser poucas as malas fadas.** *l.v.* Faltar pouco para rematar algo. *A fada é*

o destino de cada persoa e as *malas fadas* son as que atraen o fracaso ou o mal para unha persoa. – *Dixeches que era cerquiña e non damos chegada máis.* – *Veña, home, que agora poucas poden ser as malas fadas.*

104. **ser retorcido coma a corra dun temoeiro.** *l.v.* Ser unha persoa moi retorcida, de carácter difícil. *Non me gusta nada traballar con el porque é retorcido coma a corra dun temoeiro.* # timoeiro.
105. **ter [algo] na punta da lingua.** *l.v.* Estar a punto de recordar algo. *Dígoche agora como se chamaba, que o teño na punta da lingua, pero non me dá saído.* # lingua.
106. **ter a barriga cosida.** *l.v.* Comer pouco. *Xa non comes máis? Parece que tes a barriga cosida.*
107. **ter a solitaria.** *l.v.* Comer moito e non engordar. *E ti non paras de comer pan, parece que tes a solitaria.*
108. **ter bo mal.** *l.v.* irón. Non estar mal, non ter problema. *E quéixaste ti, que tes dous traballos?! tes ti bo mal.*
109. **ter cousas de cabo interino.** *l.v.* Facer parvadas, cousas sen xeito. *Pero como te pos a regar as plantas a esta hora coa calor que vai?! Ti tes cousas de cabo interino.*
110. **ter máis merda que o pau dun galiñeiro.** *l.v.* Estar moi sucio. VULG. *Colle outro trapo para limpar a mesa, que ese ten máis merda que o pau dun galiñeiro.*
111. **ter montes e moreas.** *l.v.* IRÓN. Presumir de ter moito sen telo. *-Si, el ten montes e moreas, pero eu aínda nunca lle vin nada.*
112. **ter papas na boca.** *l.v.* Non falar claro. *Eu non sei nada o que dis, fala un pouquiño máis alto que parece que tes papas na boca.*
113. **ter pauto co demo.** *l.v.* Facer moitas trasnadas. *Para un pouquiño quieto que levas todo o día facendo travesuras, parece que tes pauto co demo.*
114. **ter un cu coma unha cesta.** *l.v.* Ter o cu moi grande. *Non é que estea gorda, pero ten o cu coma unha cesta e ningún pantalón lle senta ben.*
115. **ter unha leira en Toledo.** *l.v.* Ter un defecto, especialmente mental; non ser de fiar. A cidade de Toledo aquí é un eufemismo por tolo. *Parece moi amable e moi traballador, pero non te fíes, a min paréceme que ten unha leira en Toledo.*
116. **ter unha lingua que fura as paredes.** *l.v.* Falar demasiado e replicar. *Fai o que che mando e non protestes, que tes unha lingua que fura as paredes.* # lingua.
117. **ter/deixar unha ansia a un lado.** *l.v.* Ter unha preocupación menos. *Aínda teño moito que facer, pero polo menos xa rematei os exames e xa teño unha ansia a un lado.*
118. **ter/levar un carozo no cu.** *l.v.* Ser unha persoa moi altiva ou presumida. *Non me gusta nada como andan as modelos, parece que levan un carozo no cu.*
119. **tomar [a alguén] polo pito do sereno.** *l.v.* Non tomar en serio a alguén, non darlle importancia. *O único que fan os políticos é rirse de nós, tómannos polo pito do sereno.*
120. **tomar [a un] para a broma.** *l.v.* Non tomar en serio a alguén, non darlle importancia. *Díxenvos que vos fósedes deitar e aínda estades así!, vós seica me tomades para a broma?*

121. **varrerse o mundo.** *l.v.* Marearse, esvaecerse. *Ía tanta calor que se me varreu o mundo e tiveron que me sacar para fóra.*
122. **ver o lobo.** *l.v.* Asustarse, sorprenderse. *Seica non esperabas atoparme aquí que parece que viches o lobo?*
123. **verlle o cu á curuxa.** *l.v.* Atoparse nun apuro. *Antes bebía moito viño, pero cando estivo enfermo viuille o cu á curuxa e agora non o proba.*
124. **verse negra** [unha persoa]. *l.v.* Ter moita dificultade para facer algo. *Os pais emigraron e ela viuse negra para criar soa a neta.*
125. **voar coa casca do ovo pegada no cu.** *l.v.* Darse moita importancia. Tamén se lles di aos nenos cando queren comportarse coma adultos. *Aínda voa coa casca do ovo pegada no cu e xa quere ir el só mercar a súa roupa.*
126. **volver as noces ó cesto.** *l.v.* Recuar, cambiar de opinión. *E logo ti non ías casar; ou xa volviches as noces ao cesto?*
127. **volverse o bolo borralla.** *l.v.* Quedar todo en nada. *Tiña pensado abrir un negocio coa irmá, pero non lle concederon o préstamo e volveuse o bolo borralla.*
128. **a darlle co pé/zoco.** *l.adv.* En abundancia, en moita cantidade. *Podes levar cantas queiras que este ano houbo noces a darlle co zoco.*
129. **a fume de carozo.** *l.adv.* Con moita rapidez. *O ladrón fuxiu a fume de carozo.*
130. **a grito pelado.** *l.adv.* Falando moi alto. *Saíu á rúa chamando polo neno a grito pelado.*
131. **á miñoca.** *l.adv.* Sen nada. Úsase con verbos coma ‘andar’ ou ‘morrer’. *Se aforrases algo durante o mes, non andaría agora á miñoca.*
132. **a patacón por cuarta.** *l.adv.* Con moita rapidez. *Fomos presentarlles o neno ás tías, pero empezou a chorar porque lle era hora de comer e tivémonos que vir a patacón por cuarta.*
133. **a todo meter.** *l.adv.* Con moita rapidez. *Saín da casa a todo meter, pero non collín o autobús.*
134. **ata dicir basta.** *l.adv.* PEX. Completamente, totalmente. Úsase especialmente cando se insulta a alguén, cos adxectivos ‘parvo’, ‘ruín’, ‘torpe’, ‘retorcido’.... *Pois faino como queiras, es torpe ata dicir basta! # hasta, decir*
135. **a velas vir (e deixalas pasar).** *l.adv.* Sen interese por nada. Dise cando unha persoa non fai nada nin aproveita as oportunidades que se lle presentan para mellorar. Utilízase con verbos coma ‘estar’, ‘andar’ ou ‘levar’. *Acabou de estudar e agora non ten gana de facer nada, leva todo o ano a velas vir.*
136. **cando as ras boten pelo.** *l.adv.* Nunca. *-Cando me toque a lotería hei de mercar esa casa. -Pois ti sigues esperando, que iso vai pasar cando as ras boten pelo. # rans.*
137. **cando mexen as galiñas.** *l.adv.* Nunca. *Ti sigues esperando que os cartos hachos de devolver cando mexen as galiñas.*
138. **cando San Xoán baixe o dedo.** *l.adv.* Nunca. *Leva anos dicindo que vai arranxar a casa dos pais, pero hao de facer cando san Xoán baixe o dedo. # San Juan*
139. **coma a un porco unha gravata** *l.adv.* Moi mal. Dise das pezas de vestir ou da roupa e úsase con verbos como

- ‘quedar’, ‘caer’, ou ‘sentar’. *Aquel vestido de flores sentáballe coma a un porco unha gravata # corbata.*
140. **coma cando chove aí fóra.** *l.adv.* Con total indiferenza, sen facer caso. *É a terceira vez que che digo como se fai, pero ti nada, coma cando chove aí fóra.*
141. **coma quen maza no liño.** *l.adv.* Dise cando se lle dá unha tunda a alguén. *Cando foi da guerra sacárono unha noite da casa e mallaron nel coma quen maza no liño.*
142. **coma se cantase un carro/zoase o vento.** *l.adv.* Con total indiferenza, sen facer caso. *É a terceira vez que che digo como se fai, pero ti nada, coma se cantase un carro.*
143. **coma se lle metesen un pau polo cu arriba.** *l.adv.* VULG. Fuxindo con moita prêsa. *El tense por moi valente, pero, cando viu o xabari, corría coma se lle metesen un pau polo cu arriba.*
144. **cunha man diante e outra atrás** *l.adv.* Sen nada, sen recursos económicos. Úsase con verbos coma ‘andar’, ‘estar’, ‘quedar’ ou ‘vir’. *Cando chegou aquí, viña cunha man diante e outra atrás, pero montou o negocio e agora vaille ben.*
145. **cunha perna aquí e outra alá.** *l.adv.* Con rapidez. *-Vaime mercar un parafuso coma este, pero vente pronto que me fai falta, cunha perna aquí e outra alá.*
146. **de cacho para cesto.** *l.adv.* Dun lado para outro. Úsase con verbos coma ‘andar’, ‘estar’ ou ‘ter’. *En ningún lado sabían dicirme que papeis precisaba e tivéronme toda a mañá de cacho para cesto.*
147. **de capa caída.** *l.adv.* En decadencia ou baixo de ánimo. Úsase cos verbos ‘andar’ e ‘estar’. *Dende que lle declararon a empresa en concurso de acredores, anda de capa caída.*
148. **máis que onde o/a fan.** *l.adv.* PEX. En gran cantidade. Utilízase cando se acumula nun sitio algo que non é útil e estorba. *A ver se ordenas un pouco o cuarto, que tes aquí máis merda que onde a fan.*
149. **máis que pelos na cabeza** [unha persoa]/**no lombo** [un animal]. *l.adv.* Moito. *Ese ten máis cartos que pelos na cabeza. | Pasa para fóra can, vas levar máis paus que pelos tes no lombo.*
150. **no tempo de María Castaña.** *l.adv.* Antigamente, hai moito tempo. *E ti aínda andas con casetes? Iso usábase no tempo de María Castaña.*
151. **o ano da pera.** *l.adv.* Antigamente, hai moito tempo. *Pero quen se acorda xa diso, que pasou no ano da pera?*
152. **tarde, mal e nunca** *l.adv.* A deshora. *A ver que nós xa xantamos. Ti andas sempre tarde, mal e nunca.*

Fórmulas

153. **(Malia) a nación que te/o/... deu!** *fórm.* Exclamación que se usa para maldicir a alguén. *Ai, a nación que o deu! Non me desencartou a roupa toda! # dou.*
154. **(Tranquilo) morreu cagando (tras dun valo, dispensando).** *fórm.* VULG. Contéstase cando unha persoa lle di a alguén que non se preocupe ou que non se apure, dicíndolle que estea tranquilo. *-Non apures tanto que aínda faltan dúas horas, podes ir tranquilo. -Tranquilo morreu cagando.*
155. **A cabeza as fai e o corpo as paga.** *fórm.* Úsase para expresar que determinadas decisións ou accións poden resultar prexudiciais. *Onte*

andou toda a noite de troula e agora está cansado para ir traballar, a cabeza as fai e o corpo as paga.

156. **A cada vaca, seu monllo** *fórm.* Emprégase cando se reparte algo entre varias persoas. Ten valor distributivo. *Collede cadanseu caramelo, a cada vaca seu monllo.*
157. **A que santo se debe?** *fórm.* Úsase para preguntar sobre a causa de algo ou cando alguén se sorprende de ver a algunha persoa nun lugar. *Que milagre vós as dúas por aquí, e logo a que santo se debe?*
158. **Ai que me levan, ai que me axudo.** *fórm.* Dise cando unha persoa simula non ter ganas de facer algo, para que lle insistan. *-Dixo que non tiña gana ningunha de festa, pero que fora porque lle insistira moito o fillo. -Xa sabes como é: ai que me levan, ai que me axudo.*
159. **Algo é algo, e nada non ten nome.** *fórm.* IRÓN. Expresión que indica conformidade. A segunda parte acostuma dicila outra persoa, cunha intención irónica. *-Facenda devolveume 100 euros, moito non é, pero...algo é algo. -E nada non ten nome.*
160. **Andan os ladróns detrás dos que rouban.** *fórm.* IRÓN. Expresión que se utiliza para facer referencia ás críticas que alguén fai sobre os actos doutra persoa, cando ela ten un comportamento semellante. *-O alcalde di que quere investigar as contas do anterior goberno porque pensa que sacaron algún proveito. -Ai logo agora seica andan os ladróns detrás dos que rouban?*
161. **Arrenegado sexa o demo.** *fórm.* Expresión que se emprega para desexar

que algo non suceda, ou cando xa sucedeu algo que non se desexaba que ocorrese. *-Está ardendo todo, aínda ha de arder aquí tamén. -Arrenegado sexa o demo!*

162. **As forras tiran coas casas.** *fórm.* Expresión coa que se quere dicir que é mellor investir algo máis nunha cousa para que quede ben, que aforrar cartos e correr o risco de que quede peor. *-Mercou o coche de segunda man porque lle saía máis barato e agora está sempre con el no taller, as forras tiran coas casas.*
163. **Azoutar e dar no cu (venche sendo/éche todo a mesma cousa).** *fórm.* Úsase para expresar coincidencia entre dúas afirmacións aparentemente contraditorias. *-Pero non estivo no cárcere por traficar con droga, creo que foi por contrabando de tabaco. -Home! Azoutar e dar no cu...*
164. **Bótalle terra (e plántalle un piñeiro).** *fórm.* Dise para facer referencia a algo que xa non ten remedio. *-Debeume de quedar o reloxo no ximnasio, vou ver se o atopo. -Se che quedou alí, bótalle terra. # pino*
165. **Bótalle/pégao con cuspe de galiña.** *fórm.* Díselle a alguén, especialmente aos nenos, cando rompen algo, para indicarlles que non ten arranxo. *-Mamá, caeume o espello e rompeu. -Pois agora bótalle cuspe de galiña.*
166. **Cágome no dito.** *fórm.* Dío alguén cando quere que non se teña en conta o que acaba de dicir. *Ti non tiñas que ir hoxe ao dentista? Ai, non, é certo que xa fuches onte. Nada, nada, cágome no dito.*
167. **Cando/se Deus non quere, os santos non poden.** *fórm.* Expresa resignación ante a imposibilidade de conseguir

- algo que se desexa. *Fixo todo o que puido para ter outro fillo, pero cando Deus non quere, os santos non poden.* # Dios.
168. **Dá un puñazo nun ollo e verás como ves co outro.** *fórm.* HUM. Díselles a quen di que non ve ben. *-Eu vin sen luz e agora fíxose noite e non se ve nada. -Ai non ves?, pois dá un puñazo nun ollo e verás como ves co outro.* # puñetazo
169. **Darlle/che... pan habendo merda (é un pecado).** *fórm.* VULG. Dise cando algunha persoa non valora o que fan por ela ou non aprecia algún agasallo. *Regaleille un xersei e díxome que non o quería, a algunha xente darlle pan habendo merda é un pecado.*
170. **De perdidos, ao río.** *fórm.* Úsase para expresar que, cando algo xa non ten remedio, hai que asumir todas as consecuencias e optar pola mellor solución. *-Vaia, isto é dirección prohibida. -Pois agora dálle para diante, de perdidos ao río.*
171. **Desde a fronte ata a bragueta (para que o demo non se meta)!** *fórm.* Exclamación de sorpresa ou asombro cando alguén di ou fai algo esaxerado, sen sentido ou pouco habitual. *E como subiría esa ovella para o tellado? Desde a fronte ata a bragueta!* Acompañase facendo o sinal da cruz. # frente.
172. **Díxolle o pote ao caldeiro (chégate alá, non me enlaxes).** *fórm.* Úsase como resposta a alguén que menospreza outra persoa, cando ela peca do mesmo. *-Seica non vai con el porque bebe moito. -Díxolle o pote ao caldeiro.*
173. **Dous días nun verán** *fórm.* IRÓN. Úsase para referirse a algo que se cre que vai durar pouco tempo. *-Traballa moito. -Si, dous días nun verán.* # vran.
174. **É coma lavarlle a cabeza a un burro (é perder auga, xabón e tempo).** *fórm.* PEX. Úsase cando se considera que se está facendo un esforzo inútil ao tratar de ensinarlle algo a alguén que se nega a aprendelo, ou cando se intenta convencer a unha persoa obstinada. *-Non levas traballo con el, que é coma lavarlle a cabeza a un burro, se el di que está ben así, ha de ser así.*
175. **É o que hai (mentres non/ata que veña a peixeira).** *fórm.* Úsase para expresar aceptación ante unha situación determinada. *Estas son as fotos que saquei. Non son gran cousa, pero é o que hai.*
176. **En boas mans está o pandeiro.** *fórm.* Úsase para referirse a unha persoa con coñecemento ou habilidade en certa cousa. *Vaslle dicir ti a un cociñeiro como ha de facer a tortilla? Déixao a el, que en boas mans está o pandeiro.* Tamén se pode utilizar en sentido irónico co significado contrario.
177. **En todos os lados espiga o pan, menos onde non o botan.** *fórm.* IRÓN. Expresa que calquera persoa pode ter os mesmos problemas e desgustos, aínda que intente ocultalos. *Cansouse de criticar o veciño porque non ía dar pagado o piso e agora ela ten que vender o seu, en todos os lados espiga o pan.*
178. **Fíxolle Deus mil favores** [a alguén]. *fórm.* Dise cando morre unha persoa que estaba moi enferma, ou cando quen o di pensa que era mellor que morrese para que non seguise padecendo. *Fíxolle Deus mil favores.* Excepcionalmente pode ter variación no verbo, coma se fose unha loc.:

- Para estar así era mellor que morrese, fixolle Deus mil favores. # Dios.*
179. **Galiñas serán, pero chéirame a can.** *fórm.* Dío quen desconfía, quen presente un engano. *E díxoche que polos mesmos cartos che aseguraba tamén a moto? Non sei, galiñas serán, pero chéirame a can.*
180. **Leria, que marcha a tropa!** *fórm.* Díselles a unha persoa cando insiste moito nunha cousa. *Leria, que marcha a tropa!, xa che dixen que hoxe non che mercaba máis xeados.*
181. **Levantouse a preguiza (e plantoulle lume á casa).** *fórm.* IRÓN. Díselles a unha persoa que habitualmente non mostra disposición, cando ten unha arrancada a deshora. *-Pero aínda non acabaches?, trae para acá que o fago eu. -Levantouse a preguiza. # pereza.*
182. **Loado sexa o carallo!** *fórm.* IRÓN. VULG. Expresión coa que se lle recrimina a alguén algún acto. *Moi ben, agora que xa rematamos nós, chegas ti. Loado sexa o carallo! # alabado, sea.*
183. **Malos demos te (nunca) leven!** *fórm.* Expresa desagrado, recriminación, reproche. *Ai, malos demos te leven!, primeiro dis que non tes fame e agora comes o meu bocadillo.*
184. **María matouse! (dun piñeiro abaixo e escarallouse)** *fórm.* Expresión que se utiliza para expresar sorpresa ou incredulidade ante un suceso imprevisto que pode producirille dano a unha persoa ou unha cousa. Tamén se pode usar cando alguén di unha esaxeración. A segunda parte normalmente díaa outra persoa. *-Ai vai, María matouse!, acáballe de caer o móbil pola ventá. # pino.*
185. **Menos ruído, que é a casa baixa!** *fórm.* Expresión que indica desaprobación polo ruído, especialmente se hai moito balbordo ou alguén fala demasiado alto e non escoita. *Menos ruído que é a casa baixa, se non calades ides ir cada un para o seu cuarto!*
186. **Mira ti o demo como é feito.** *fórm.* Expresión de sorpresa cando se descobre algunha cousa. *Así que tiñas mozo e non dixeras nada, mira ti o demo como é feito.*
187. **Morra a marta, morra farta.** *fórm.* Dise cando alguén come en exceso ou algo que non debe comer, e tamén cando se acapara algo. *-Pero a ti non che quitara o doce o médico?, que fas comendo esa torta? -Bah!, morra a marta, morra farta.*
188. **Morra o conto.** *fórm.* Expresión que utiliza unha persoa cando quere que se deixe de falar dun asunto. *Díxenche que non quería falar máis diso, así que morra o conto.*
189. **Morte duns, vida doutros.** *fórm.* Úsase cando algo que prexudica a algunha persoa beneficia a outras. *Non te preocupes por ter que levar o coche ao taller, seguro que o mecánico cho agradece. Morte duns, vida doutros.*
190. **Nada erra quen aos seus semella.** *fórm.* Úsase para xustificar algún acto ou algún trazo do carácter dunha persoa na semellanza cos seus devanceiros. *Túa avoa tamén tiña ese costume, nada erra quen aos seus semella.*
191. **Nin farrapos de gaita** *fórm.* Úsase para expresar o pouco aprecio que se lle dá a algo ou para referirse a algo que non merece consideración. *Iso non é un libro nin farrapos de gaita. | Que volvelo a chamar nin que farrapos*

- de gaita! Xa llo dixemos unha vez, se quere vir que veña e se non que quede.*
192. **Nin tanto acá nin tanto alá** *fórm.* Úsase para recomendar non excederse, nin por exceso nin por defecto. *Nin tanto acá nin tanto alá, 15 euros para o regalo parecerache pouco, pero a min 100 paréceme de máis.*
193. **Ninguén che deu vela neste enterro.** *fórm.* Diselle a alguén que se entremete nun asunto ou nunha conversa. *Vai para fóra xogar cos primos, que a ti ninguén che deu vela neste enterro. # dou, entierro.*
194. **Non durmimos / durmistes / durmiron xuntos.** *fórm.* Dise para marcar diferenzas con alguén, especialmente cando un adulto llo di a un neno. *A min non me fales así que non durmimos xuntos.*
195. **Non ha de faltar unha hora para morrer.** *fórm.* Dise cando unha persoa está preocupada ou ten apuro por facer algo, para que tome as cousas con calma. *E quere que o entreguemos o luns? Pois dille que non teña tanta prèsa, que non ha de faltar unha hora para morrer.*
196. **Non os caga un corvo (en x anos).** *fórm.* Dise para ponderar o valor dunha cantidade de diñeiro pouco elevada. Habitualmente engádeselle unha segunda parte coa mesma cantidade de anos, esta acostuma dicila outra persoa. *Pagáronme cincuenta euros. Moito non é, pero non os caga un corvo en cincuenta anos.*
197. **Non vai / van no meu carro á misa (nin na punta dos fumeiros).** *fórm.* Dise cando non se confía nunha persoa. *El fala moito dos outros, pero tampouco non é dos que van no meu carro á misa.*
198. **Nunca chove a gusto de todos.** *fórm.* Úsase para indicar que non se pode compracer a todas as persoas. *Eu fíxeno así porque me pareceu mellor; pero a eles non lles gustou. Xa ves, nunca chove a gusto de todos.*
199. **O día de hoxe non parece irmán do de onte.** *fórm.* Úsase cando hai unha gran diferenza meteorolóxica entre un día e o anterior. *Moito arrefriou, o día de hoxe non parece irmán do de onte.*
200. **O fume vai para os bonitos.** *fórm.* Diselle a alguén, especialmente aos nenos, cando se queixan porque lles vai o fume. *-Cámbiame o sitio, que aquí dáme o fume. -Non te preocupes, que o fume vai para os bonitos.*
201. **O mal non é para menos.** *fórm.* Dise como xustificación dunha actuación que, en circunstancias normais, pode parecer esaxerada, pero que nunha determinada situación é consecuente e acorde cun acontecemento anterior. *Cando soubo as consecuencias do accidente dixo que quería morrer, e o mal non é para menos.*
202. **O meu can pillou unha mosca (e se a pillou comeuna).** *fórm.* Dise cando ocorre algo pouco habitual ou cando alguén acerta en algo por casualidade. A segunda parte normalmente día outra persoa. *-Viches?, xa marcaron os do noso equipo. -Si, o meu can pillou unha mosca.*
203. **O que hai que oír por non ser xordo.** *fórm.* Dise cando se oe unha mentira ou unha esaxeración. *-O presidente di que as novas medidas son para mellorar o sistema educativo. -Dende logo, o que hai que oír por non ser xordo.*
204. **O que nada non afonda.** *fórm.* Dise como resposta cando alguén di “nada”.

- Xa che dixen que non quería nada.*
-*Pois o que nada non afonda.*
205. **O que non mata engorda.** *fórm.* Úsase cando alguén come algo de dubidosa calidade. -*Non comas o bocadillo que che caeu ao chan e está sucio.* -*Bah!, o que non mata, engorda.*
206. **O que non nace non morre.** *fórm.* Dise para xustificar o comportamento dunha persoa despreocupada. -*Non mira nada polo negocio e vai ter que pechar.* -*E que lle queres?, o que non nace non morre.*
207. **O querer non é convite.** *fórm.* É a resposta que se dá cando unha persoa lle ofrece a outra algo de comer, preguntándolle se quere. Normalmente dío a mesma persoa que fai o ofrecemento ou unha terceira persoa. -*Queres un bombón?* -*Muller, dállo, que o querer non é convite.*
208. **Olo ao can (que a cadela é miña).** *fórm.* Díselle como advertencia a alguén para que trate ben a outra persoa, ou unha pertenza. *Préstоче o coche, pero olo ao can.*
209. **Para facerte falar a ti.** *fórm.* Contéstaselle a alguén, especialmente aos nenos, cando preguntan, inoportunamente, para que serve algunha cousa. -*Mamá, para que son estes cartos que deixaches encima da mesa?* -*Para facerte falar a ti. Déixaos onde están.*
210. **Para quen non quere nada teño eu bastante.** *fórm.* Dise cando se lle ofrece algo a alguén e o rexeita ou o despreza. -*Xa che dixen que non quería nada.* -*Pois mellor; para quen non quere nada, teño eu bastante.*
211. **Parecía parvo cando o compramos.** *fórm.* IRÓN. Dise cando unha persoa se comporta astuta ou habilmente.
- Mira ti como nola xogou, e parecía parvo cando o compramos.*
212. **Paz na casa e guerra fóra.** *fórm.* Indica que é preferible rexeitar unha demanda dalgunha persoa allea á familia para evitar conflitos familiares. *Se ves que ao teu marido non lle vai gustar que veñan os nenos hoxe comigo xa os levo outro día, paz na casa e guerra fóra.*
213. **Por campar, rabiár.** *fórm.* Díselle a alguén que se queixa cando ten que esforzarse ou sufrir para mellorar o seu aspecto. -*Debín traer os outros zapatos, que estes quedan mellor; pero máncanme nos pés.* -*Por campar; rabiár.*
214. **Por unha manchada de fariña que non queden as papas moles/raras.** *fórm.* Dise cando por moi pouco pode perderse ou saír mal algunha cousa. *Aínda que che pareza que xa estás ben, é mellor que quedes outro día máis na cama, por unha manchada de fariña que non queden as papas raras.*
215. **Puñetas (con canas de millo secas).** *fórm.* Contéstaselle a alguén, especialmente aos nenos cando fan unha pregunta inoportuna, para expresar enfado ou mal humor. -*Mamá, que me trouxeches?* -*Puñetas, con canas de millo secas.*
216. **Que che/ lle... sirva de veneno.** *fórm.* IRÓN. Expresa un desexo negativo cara a alguén. Dise cando alguén consegue algo que a outra persoa tamén desexaba. *Colliches ti o último pemento?, que che sirva de veneno. # veneno.*
217. **Que roupa é?** *fórm.* Expresión que se usa para saudar a alguén. Esta fórmula úsana en Sebil dúas persoas e as dúas viñeron de fóra: unha delas, meu pai

- (que naceu en Cimadevila, Campo Lameiro) e por iso a escoito con tanta frecuencia; a outra persoa que o di, tamén decotío, naceu en Cequeril e casou en Sebil. Descoñezo a orixe desta fórmula que sempre pensei que tería que ver co feito de que na aldea só había dous tipos de roupa: a nova ou a vella e, dependendo de cal se levase posta, a situación e os plans da persoa eran diferentes, pero penso que é máis ben unha asociación infantil que unha explicación contrastada. Emprégase cun significado semellante a *que fas ti por aquí?* ou algo similar e nunca escoitei ningunha resposta directa, respóndese con outras fórmulas habituais coma *Que?*, *Por aquí andamos* ou similares. *Cada vez que chega a onda nós preguntáanos que roupa é.*
218. **Quen me dera dos teus anos e saber o que sei.** *fórm.* Dillo unha persoa vella a outra máis nova para indicar que, se puidese volver a ser nova coa experiencia que ten, non cometería os mesmos erros.
219. **Quen non te /o... coñeza que te/o... compre.** *fórm.* Úsase para expresar que xa se coñecen as malas calidades da persoa á que se alude e non se fía un dela. *E ti pensas que realmente vai cambiar agora?, quen non o coñeza que o compre.*
220. **Quen queira pedra, que a arranque.** *fórm.* Dise cando unha persoa quere conseguir algo sen levar traballo e espera que llo fagan os demais. *Non pensará que lle vou facer eu o traballo para a clase? Eu bastante teño co meu, quen queira pedra que a arranque!*
221. **Rapaz do cu para atrás** *fórm.* Expresión que se usa para saudar a un neno, ou para chamar a súa atención. *Mira como enreda nas escaleiras. Ti que fas, rapaz do cu para atrás? # rapás.*
222. **Sacáchesmo da boca.** *fórm.* Dise cando outra persoa di o mesmo que un está pensando. *Iso mesmo ía dicir eu, sacáchesmo da boca.*
223. **Se abre/abres... a boca véselles/che... a alma/o ollo do cu.** *fórm.* Dise de quen mostra fachenda, presume do que non ten. *Non sei de que presume tanto, se abre a boca e véselles o ollo do cu.*
224. **Se fora un can, mordíate.** *fórm.* Dise cando alguén está buscando algo que ten diante e non o atopa. *-Non atopo a carteira. -Mira, aí a tes, encima da mesa. Se fora un can, mordíate.*
225. **Sen unha mosca ben se fai verán.** *fórm.* Dise para lle quitar importancia á ausencia dunha persoa nun lugar no que debería estar. *Non te preocupes se non che quere vir á voda, muller; que sen unha mosca ben se fai verán. # vran.*
226. **Sóbense os bancos ás banquetas.** *fórm.* Dise cando unha persoa se lle repón a outra que se supón que ten máis autoridade. Para entender esta fórmula cómpre lembrar que en Sebil o asento individual e baixo chámase *tallo*; un *banco*, aínda que máis alto que o tallo, é tamén baixo e, xeralmente, de máis dunha praza; e a *banqueta* é tamén un asento individual, pero coas patas máis longas e, polo tanto, máis alto que os bancos. *De momento has facer o que eu diga, que son teu pai, ou seica se soben os bancos ás banquetas? # suben.*
227. **Son para un cesto.** *fórm.* Dise cando unha persoa non oe ben ou non fai caso do que lle din. *-Que dixeches?*

-É igual, nada, son para un cesto. O dito baséase no conto máis longo dun home xordo que estaba aos vimbios e viu que se acercaba un veciño, entón imaxinou o que lle diría e tiveron o seguinte diálogo: -*Deus te axude, Mingos!* -*Ando aos vimbios.* -*Non che digo eso*³. -*Son para un cesto.*

228. **Tarde piaches.** *fórm.* Expresión coa que se indica que xa é tarde para facer algo. *Ese piso xa o alugaron, tarde piaches.* Segundo o conto, foi o que lle dixo o raposo ao pito, que piou cando xa o tiña na boca.
229. **Tíralle do aire.** *fórm.* Úsase para dicirlle a alguén que desbota a esperanza de conseguir algo. *Non mercaches antes o bolso porque che parecía moi caro e xa o venderon, agora tíralle do aire.*
230. **Todos temos a boca cuberta.** *fórm.* Dise cando algunha persoa come ou bebe da comida ou bebida que está tomando outra, para indicar que non é prexudicial. *Xa vou beber pola mesma copa que ti, que total todos temos a boca cuberta.*
231. **Tómasme o pelo ou pides para as almas?** *fórm.* Díselles a unha persoa que se pensa que non nos toma en serio, que se burla de nós. *É a cuarta vez que che digo como se fai e disme se cho fago eu! Ti tómasme o pelo... ou pides para as almas?*
232. **Tras do perdido non hai que buscar.** *fórm.* Úsase para dicirlle a unha persoa que desbota a esperanza de recuperar algo. -*Agora arrepiñome de rexeitar o traballo que me ofreceran, pero xa llo deron a outra persoa.* -*Pois agora*

mellor esqueceo, tras do perdido non hai que buscar.

233. **Un porco cando pasa por onda outro roña.** *fórm.* Dise cando unha persoa non saúda. *Bos días, seica vas enfadado? Pois un porco cando pasa por onda outro roña.*
234. **Unha moza coma unha carozza, onde mexa fai unha poza/ un mozo coma un carozo, onde mexa fai un pozo.** *fórm.* IRÓN. Expresión que se di dos rapaces para confirmar que aínda seguen sendo nenos. -*Mira que guapa vai!, está feita unha moza.* -*Si, unha moza coma unha carozza, onde mexa fai unha poza.*
235. **Vai/ide buscar a pedra de afiar as agullas.** *fórm.* Exclamación de rexeitamento coa que se lle di a alguén que se vaia ou deixe de molestar. *Non me enredes que teño moito que facer, vai buscar a pedra de afiar as agullas.*
236. **Vai/ide chorar a Cangas!** *fórm.* Dise para se desentender de quen non para de queixarse por algo ou que pide algo insistentemente. *Xa che dixen que ata mañá non hai máis chocolate, así que vai chorar a Cangas.* Antes pagaban por chorar nos enterros e mais daban unha cunca de caldo.
237. **Vai/ide rañar os pés!** *fórm.* Expresión de rexeitamento coa que se lle di a alguén que se vaia ou deixe de molestar. *Mira, vai rañar os pés, que eu teño máis que facer que escoitarte a ti.*
238. **Vaiche boa (Vilaboa)!** *fórm.* Úsase para expresar que algo ocorreu hai moito tempo. -*E logo eles xa marcharon?* -*Vaiche boa!*
239. **Vale máis oír que ser xordo.** *fórm.* Conformarse co que se oe, aínda que non guste. *Prefería que me dixeses*

³ Conservo a forma dialectal do demostrativo pola rima.

que custaba menos, pero...vale máis oír que ser xordo.

240. **Viches o año, ovella?** *fórm.* Úsase para preguntarlle a alguén se por fin se convenceu de algo. *-Tiñas ti razón, apártase cara á dereita. -Logo por fin viches o año, ovella?*
241. **Víranse os coellos/paxaros á escopeta?** *fórm.* Dise cando unha persoa se lle repón a outra que se supón que ten máis autoridade. *De momento has facer o que eu diga, que son teu pai, ou seica agora se viran os paxaros á escopeta?* # conexos.

Refráns

242. **A cortar collóns apréndese a capador.** *ref.* VULG. Facendo algunha cousa mal, apréndese a facela ben. *Non te preocupes se conduces mal, a cortar collóns apréndese a capador.*
243. **A fariña viva bota o seu amo para arriba.** *ref.* Dise cando alguén progresa economicamente á conta doutra xente ou de xeito pouco lícito. *A casa quedoulles ben bonita, pero foi á conta de non repartir a herdanza cos irmáns. A fariña viva bota o seu amo para arriba.* A fariña viva é a fariña pouco moída, esta aumenta máis ao humedecela para darlle aos animais e tampouco se perde tanta cando se moe porque voa menos.
244. **Asáñanse as comadres cando lles din as verdades.** *ref.* Dise cando unha persoa se enfada porque outra lle di algo que é certo, pero que non quere recoñecer. *-Non sei por que se enfada tanto cando lle digo que non fai nada, é a verdade. -Claro, pero asáñanse as comadres cando lles din as verdades.* # lle.
245. **Cada can lambe o seu nariz.** *ref.* Cada persoa busca o seu propio

proveito. *Dixome que me botaba unha man antes de marchar pero, así que o chamaron, marchou correndo. Aquí cada can lambe o seu nariz.*

246. **Dálle Deus noces a quen non ten dentes.** *ref.* Úsase para referirse a alguén que non aproveita unha oportunidade. *E aínda o dubidas?! Se eu tivese a oportunidade de facer esa viaxe, nin o pensaba. Dende logo, dálle Deus noces a quen non ten dentes!* # Dios.
247. **Cando non hai pan, hai que aproveitar as frangullas.** *ref.* Expresa resignación para aceptar o que se ten, ao non poder conseguir algo de máis valor. *Cando había choio na construción gañábase moito nas empresas grandes, pero agora ten sorte o que pode traballar pola metade nunha pequena. Cando non hai pan, hai que aproveitar as frangullas.*
248. **Canta máis présa, máis vagar.** *ref.* Dise cando se ten moito apuro e xorden complicacións que impiden avanzar. *Xa me estaban agardando e non daba atopado as chaves nin o móbil. Canta máis présa, máis vagar.* # prisa.
249. **De onde non hai, non se pode sacar.** *ref.* Dise dunha persoa que demostra pouca intelixencia ou disposición. *-Pregunteille pola familia e non me soubo dicir cousa con cousa. -E que lle queres?, de onde non hai, non se pode sacar.*
250. **De pequeniño verás o boi que terás.** *ref.* Expresa a posibilidade de que os feitos dun neno poidan dar unha idea de como vai ser cando sexa maior. *-O neno é un malcriado, na voda dos tíos estivo todo o tempo a patadas cos curmáns. -Si, paréceme que lle vai*

imitar ao pai, de pequeniño verás o boi que terás.

251. **Deus, cando fixo o sapo, fixo a sapa tamén.** *ref.* PEX. Úsase para aludir á unión entre persoas da mesma natureza ou condición. *-Non entendo como puido atopar moza co rariño que é. -Non te preocupes, Deus, cando fixo o sapo, fixo a sapa tamén.* # Dios.
252. **Dixo Mateo que mente máis que eu.** *ref.* IRÓN. Úsase para salientar a calidade de mentireira dunha persoa. *-Pois segundo o alcalde agora vai haber traballo para todas e todos. -Dixo Mateo, que mente máis que eu.* # minte.
253. **É mellor andar que ornear.** *ref.* Indica que é mellor esforzarse para facer unha cousa ben, que deixala mal para acabar antes e correr o risco de ter que facela de novo. *Xa é a segunda vez que me devolve o traballo para que o corrixa, quíxeno entregar pronto, pero ás veces é mellor andar que ornear.*
254. **Escaravello manda á praza, merda lle carrega á casa.** *ref.* VULG. PEX. Dise cando se lle pide a unha persoa que faga algo e non o fai como se espera. *Mandeino á tenda por un quilo de patacas e veume cun quilo de mazás. Escaravello manda á praza, merda lle carrega á casa.* # plaza.
255. **Este mundo é unha aduana, o que un perde outro o gana.** *ref.* Úsase cando algo que prexudica a unha persoa, beneficia a outras. *-Non entendo que mercase ese piso en tan mal estado, pero deulle a vida ao que llo vendeu que non se daba desfeito del. -Xa, é así. Este mundo é unha aduana, o que un perde outro o gana.*
256. **Librame ti da mala veciña, que eu te librarei da neve marciña.** *ref.* Úsase

cando neva en marzo, para indicar que a neve nesa época derrétese pronto; pola contra, os malos veciños hai que os aturar sempre.

257. **Na hora da voda non se afeita a noiva.** *ref.* Úsase para expresar que hai que facer as cousas con tempo. *E como me pides agora para a festa se xa está a orquestra tocando? Na hora da voda non se afeita a noiva.* # novia
258. **Nunca falta un roto para un descosido.** *fórm.* Úsase para aludir á unión entre persoas da mesma natureza ou condición. *Está deprimido porque o deixou a moza, pero logo ha de atopar outra, que nunca falta un roto para un descosido.*
259. **O gato escaldado tenlle medo á auga fría.** *ref.* Indica que quen padeceu unha experiencia desagradable ou perigosa, vólvese desconfiado para evitar que se volva repetir. *Dende que lle puxeron aquela multa, respecta todos os sinais de velocidade, o gato escaldado tenlle medo á auga fría.*
260. **O que come de pé nunca cheo é.** *ref.* Dise cando unha persoa está comendo de pé para que coma máis tranquila, sen présa. *Senta onda nós para comer o bocadillo que o que come de pé nunca cheo é.*
261. **Onde hai fume, hai lume.** *ref.* Indica que de calquera indicio se pode deducir un feito. Úsase especialmente para afirmar que un rumor pode ter fundamento. *-Aínda non o publicaron, pero escoitei na radio que o próximo curso queren aumentar o número de horas de clase. -Pois entón conta con iso, onde hai fume, hai lume.*
262. **Para ser puta e non ganar nada, vale máis ser muller honrada.** *ref.* Úsase cando alguén deixa de facer

- algunha cousa porque lle resulta pouco proveitosa, ou cando se fai algo por alguén que non o agradece. *–Deixou o traballo que tiña porque, entre a viaxe e os gastos, non lle chegaba o soldo. –Fixo ben, para ser puta e non ganar nada, vale máis ser muller honrada.*
263. **Quen dera bolo (e tempo para o soprar).** *ref.* Dise cando unha persoa despreza algo ou a alguén. *–Non para en ningún traballo porque di que lle pagan pouco. –Vaia por Deus, quen dera bolo.* # soplar.
264. **Quen/o que coas mans non pode, cos dentes acode.** *ref.* Dise cando alguén se vale da maña porque ten limitacións para facer algo. *Como non lle chegaba ao timbre, pulsouno co paraugas. O que coas mans non pode, cos dentes acode.* # acude.
265. **Sabe máis o demo por vello que por demo.** *ref.* Resalta a importancia da sabedoría adquirida pola idade e a propia experiencia. *Ti non te preocupes, deixa ese asunto nas mans de teu avó, que sabe máis o demo por vello que por demo.*
266. **Tal para cal, maragota e media.** *ref.* PEX. Úsase para aludir á unión entre persoas da mesma natureza ou condición. *–Agora disque lle vai axudar o primo e así rematan antes. –Ai si, tal para cal, maragota e media.* #cual*
267. **Tan criminal é o que mata coma o que agarra da pata.** *ref.* Indica que é tan culpable a persoa que realiza algunha acción coma quen contribúe á súa realización. *Pero ti estabas con el cando roubou o exame, así que tamén tes culpa, tan criminal é o que mata coma o que agarra da pata.*
268. **Todas as comenencias/todos os proveitos non caben no saco.** *fórm.* Expresa conformidade ante a imposibilidade de conseguir todo o que se desexa. *Claro que sería mellor ter un traballo bonito, ben pagado e ao lado da casa, pero todas as comenencias non caben no saco.*
269. **Todos os cans mexan á parede (non sendo o meu, que aínda non levanta a pata).** *fórm.* Dise cando alguén alardea moito de algo que non é certo. *–Disque ten tantas mozas que non sabe cal elixir. –Aquí todos os cans mexan á parede, non sendo o meu, que aínda non levanta a pata.*
270. **Unha man lava a outra e as dúas lavan a cara.** *ref.* Úsase para destacar a importancia da colaboración e da axuda en determinados traballos. *–E ti por que andas sempre traballando para os demais? –Eu axúdolles porque despois tamén eles me axudan a min, unha man lava a outra e as dúas lavan a cara.*

Wellerismos

271. **Todo é poñerse (dixo o que matou a muller).** *Well.* IRÓN. Úsase para quitarlle transcendencia ás dificultades ou impedimentos para levar algo a cabo. *–E como o deches feito ti só? –Todo é poñerse.*